



... Ordenanzas y Reglamentos

Nueva Búsqueda

## Coristanco - ORDENANZA FISCAL NÚMERO 18, REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE PISCINA MUNICIPAL E ESCOLAS DEPORTIVAS

Publicación provisional : 15-11-2003 BOP Nº 263 -- Publicación definitiva : 20-12-2003 BOP Nº 291

Redacción Aplicable desde 03-06-2008

Redacciones

- Artigo 1.-Fundamento e natureza
- Artigo 2.-Feito imponible
- Artigo 3.-Suxeitos pasivos
- Artigo 4.-Responsables
- Artigo 5.-Cota tributaria
- Epígrafe 1º.-Piscinas
- Epígrafe 2º - Escolas deportivas
- Artigo 6.-Beneficios fiscais
- Artigo 7.-Devengo
- Artigo 8.-Declaración e ingreso
- Artigo 9.-Infraccións e sancións
- Disposición adicional única
- Disposición final

### Artigo 1.-Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de Abril, reguladora das bases de réxime local, e os artigos 20 a 27 da Lei 39/88, do 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, do 28 de decembro, este Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa pola prestación do servizo da piscina municipal e de escolas deportivas na que as súas normas atenden ó previsto no artigo 58 da citada lei 39/88, na súa nova redacción da pola Lei 25/1998 de 13 de xullo.

### Artigo 2.-Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de piscina municipal e escolas deportivas.

### Artigo 3.-Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa desta taxa.

### Artigo 4.-Responsables

1.-Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas ás que se refire os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

### Artigo 5.-Cota tributaria

A cota desta taxa será a resultante de aplicar as seguintes tarifas:

Epígrafe 1.º.-Piscinas.

I.-Entradas individuais:

- Ata 14 anos de idade: 1,00 euro.
- Maiores de 14 anos de idade: 2,00 euros.

II.-Bonos:

- Bono de 10 baños hasta 14 anos de idade: 6,00 euros
- Bono de 10 baños maiores de 14 anos de idade: 15,00 euros

Epígrafe 2.º.-Escolas deportivas.

- Cuota cursos de natación: 30,00 euros/persoa.
- Cuota cursos de fútbol: 30,00 euros/persoa.
- Cuota cursos de baloncesto: 30,00 euros/persoa.
- Cuota cursos de tenis: 30,00 euros/persoa.
- Cuota cursos de voleibol: 30,00 euros/persoa.
- Cuota cursos de patinaxe: 30,00 euros/persoa.
- Cuota cursos de aerobio: 30,00 euros/persoa.
- Cuota cursos de ximnasia: 30,00 euros/persoa.
- Cuota actividade liga de fútbol sala: 180 euros/equipo.
- Cuota actividades deportivo-recreativas de verán: 10 euros/persoa.
- Cuota saídas deportivas, culturais e de ocio: 8 euros/persoa.

### Epígrafe 1º.-Piscinas

I.-Entradas individuais:

- Ata 14 anos de idade: 0,90 euros
- Maiores de 14 anos de idade: 2,10 euros

II.-Bonos:

- Bono de 10 baños ata 14 anos de idade: 6,00 euros
- Bono de 10 baños maiores de 14 anos de idade: 15,00 euros

### Epígrafe 2º - Escolas deportivas

- Cota cursos de natación: 30,00 euros/persoa

- Cota cursos de fútbol: 30,00 euros/persoa
- Cota cursos de baloncesto: 30,00 euros/persoa
- Cota cursos de tenis: 30,00 euros/persoa
- Cota cursos de voleibol: 30,00 euros/persoa
- Cota cursos de patinaxe: 30,00 euros/persoa
- Cota cursos de aerobic: 30,00 euros/persoa
- Cota cursos de ximnasia: 30,00 euros/persoa
- Cota actividade liga de fútbol sala: 180 euros/ equipo

### **Artigo 6.-Beneficios fiscais**

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

### **Artigo 7.-Devengo**

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a prestación dos servicios ou a realización das actividades, aínda que se poderá esixi-lo depósito previo.

### **Artigo 8.-Declaración e ingreso**

1.-A taxa se esixirá en réxime de autoliquidación, previa solicitude da prestación do servico da piscina municipal ou da realización da actividade polo interesado, realizándose o ingreso antes da prestación do servico ou da realización da actividade na Tesourería Municipal ou directamente nas entidades bancarias colaboradoras deste Concello.

2.-Se se realiza a prestación do servico da piscina municipal sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan axiña como se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento Xeral de Recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

### **Artigo 9.-Infraccións e sancións**

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral Tributaria e na normativa de desenvolvemento.

### **Disposición adicional única**

Cando existan os convenios de colaboración ós que fai referencia o artigo 27.2 da lei 39/88, do 28 de decembro, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta Ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

### **Disposición final**

A presente ordenanza fiscal foi aprobada por acordo plenario de data 10 de novembro de 2003. A presente modificación foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 21 de maio de 2008.

Entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación o día seguinte da publicación do texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ate que sexa acordada a súa modificación ou derogación expresas.